

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO, PARA PROMOVER A PRÁCTICA DA MODALIDADE DE BALONCESTO 3X3 E O FOMENTO DA PARTICIPACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DEPORTIVO DO ALUMNADO**

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Ley 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no seu uso das atribucións que lle confire o Decreto 138/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

De outra, D. Julio César Bernárdez Álvarez, presidente da Federación Galega de Baloncesto, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.

As partes recoñécense reciprocamente, no carácter con que interveñen, plena capacidade xurídica para a sinatura deste convenio e, a tal efecto,

### **EXPOÑEN**

- I. Conforme á competencia exclusiva establecida no artigo 27.22 do Estatuto de Autonomía de Galicia, corresponde á Administración autonómica promover, ordenar e organizar o deporte en idade escolar.
- II. A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recolle que as administracións educativas adoptarán medidas para que a





actividade física e a alimentación saudable formen parte do comportamento infantil e xuvenil. Co obxectivo de fomentar e consolidar hábitos de vida saudables, estas administracións promoverán a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida sa e autónoma, para promover hábitos saudables de alimentación e a mobilidade activa, reducindo o sedentarismo.

Os centros impulsarán o desenvolvemento de actividades docentes en espazos abertos e contornas naturais. O deseño, coordinación e supervisión das medidas que, para estes efectos, se adopten serán asumidos polo profesorado con cualificación ou especialización adecuada nestes ámbitos.

- III. Segundo o establecido na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, a Administración autonómica fomentará, en colaboración e coordinación coas demais administracións públicas con competencia na materia, coas federacións deportivas galegas, cos clubs, coas agrupacións deportivas escolares e demais entidades deportivas, a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar, a través de plans e programas específicos. Para ese efecto poderanse constituír os órganos consultivos ou de asesoramento que se estimen oportunos.
- IV. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa é o órgano directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma ao que lle corresponde exercer as competencias e funcións que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de ordenación do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, así como de xestión dos programas educativos que se desenvolven nos centros educativos; en coordinación e con independencia das competencias concorrentes que poidan ter outros órganos da Consellería ou doutras consellerías. En particular, correspóndelle a promoción de accións e programas de innovación educativa, así como a autorización de programas e proxectos específicos ou experimentais.
- V. A Federación Galega de Baloncesto é unha entidade de dereito privado, de utilidade pública e de interese público e social que ten por obxecto ordenar, dirixir e planificar todas as actividades do baloncesto en Galicia, en coordinación co organismo competente da Xunta de Galicia.

Ten entre as súas competencias, exercer o goberno, administración, xestión, organización, desenvolvemento e promoción do deporte do baloncesto en todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega.





- VI. É pretensión da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, subscribir o convenio de colaboración coa Federación Galega de Baloncesto para fomentar a participación e o desenvolvemento deportivo do alumnado, e máis concretamente, promover a práctica da modalidade de baloncesto 3x3 en centros docentes sostidos con fondos públicos, pois constitúe unha oportunidade para a iniciación e promoción en centros escolares pola redución do espazo de xogo e número de participantes. Así mesmo, a súa menor esixencia técnica e táctica xunto aos aspectos anteriormente referidos, fai que sexa unha formulación idónea para a promoción do baloncesto no entorno rural. Neste sentido, a Federación Galega de Baloncesto en exercicio das súas competencias, é a entidade idónea ao posuír os recursos necesarios para a difusión e promoción desta modalidade 3x3.

Para tal efecto, as partes acordan subscribir o presente convenio, coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración conxunta entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación Galega de Baloncesto, para promover a práctica da modalidade de baloncesto 3x3 e fomento da participación e o desenvolvemento deportivo do alumnado.

### Segunda.- Compromisos das partes

#### 1. Federación Galega de Baloncesto

A Federación Galega de Baloncesto comprométese a:

- Proporcionar material deportivo destinado exclusivamente ao desenvolvemento das actividades propostas para promover a práctica da modalidade de baloncesto 3x3.

A Federación entregará o material nas cantidades e especificacións acordadas entre as partes, garantindo que se atope novo ou en óptimas condicións de uso, cumprindo coas normas de seguridade aplicables.



- Proporcionar material didáctico destinado a facilitar o desenvolvemento das actividades propostas por parte dos centros educativos seleccionados.
- Apoio e asesoramento aos centros docentes participantes a través dunha mentoría específica, co obxectivo de garantir o bo desenvolvemento da modalidade de baloncesto 3x3.

## 2. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Pola súa parte, a Consellería comprométese a:

- Potenciar a práctica da modalidade de baloncesto 3x3 en prol do fomento do desenvolvemento físico, social e emocional do alumnado, así como a corresponsabilidade no coidado da súa saúde no ámbito educativo.
- Colaborar na difusión da modalidade 3x3 entre os centros docentes sostidos con fondos públicos, así como seleccionar, mediante convocatoria, os centros aos que se lles vai a dotar do material proporcionado pola Federación Galega de Baloncesto.
- Poñer a dispor dos centros o material didáctico proporcionado pola Federación Galega de Baloncesto, destinado a facilitar o desenvolvemento das actividades propostas por parte dos centros educativos participantes na iniciativa e, tamén, a todos aqueles centros docentes que teñan interese en introducir a práctica da modalidade de baloncesto 3x3 na práctica deportiva do alumnado.

### Terceira.- Financiamento

Este convenio non leva consigo apareladas obrigas económicas para ningunha das partes.

### Cuarta.- Comisión de coordinación, seguimento e avaliación

1. Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento, vixilancia e control composta por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes, presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.
2. As funcións da comisión serán as seguintes:





- a. Realizar o seguimento das actividades relacionadas co presente convenio.
  - b. Propoñer medidas que poidan servir para a mellor realización das actividades previstas.
  - c. Resolver os problemas de interpretación e cumprimento do convenio que poidan xurdir.
  - d. Calquera outra que se derive deste convenio.
3. O réxime xurídico desta comisión será o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para os órganos colexiados.

#### Quinta.- Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Federación Galega de Baloncesto e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

#### Sexta.- Información básica sobre protección de datos

1. Os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.
2. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.





4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais, neste procedemento prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Ambas as partes comprométese a cumprir os deberes que se derivan da normativa en protección de datos que se desprenden da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a formalización e o desenvolvemento adecuados deste, e con base no disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

#### **Sétima.- Réxime de modificación do convenio**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación Galega de Baloncesto poderán modificar, durante a súa vixencia, o presente convenio coa finalidade de mellorar os obxectivos do mesmo. En calquera caso, dita eventual modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

#### **Oitava.- Vixencia**

Este convenio estará vixente durante catro anos desde a data da súa sinatura. Con anterioridade á finalización da súa vixencia, por acordo unánime das partes, poderá prorrogarse por outros catro anos, cos límites establecidos no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, salvo que sexa denunciado por escrito por algunha das partes, cun mes de antelación polo menos, por incumprimento dos compromisos que nel se recollen.

#### **Novena.- Causas de resolución**

Este convenio resolverase polas seguintes causas:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a súa prórroga.



- b) Acordo unánime dos asinantes.
- c) Incumprimento total ou parcial dalgún das súas cláusulas.

Neste suposto, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento, vixilancia e control.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

- d) Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.
- e) A decisión xudicial declaratoria da súa nulidade.

#### **Décima.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo primeira.- Publicidade**

As partes asinantes deberán cumprir cos deberes da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A tal fin, as partes asinantes aceptan que o texto do Convenio sexa publicado no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.



A Federación acepta e consinte a remisión do Convenio, despois da súa firma, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

### **Décimo segunda.- Normativa aplicable e xurisdición**

1. Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, así como no disposto na Lei 40/2015.

A exclusión deste convenio do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, non impide a aplicación dos principios recollidos na citada lei, para resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse, tal e como establece o seu artigo 4.

2. A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións litixiosas que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

E como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional

O presidente da Federación Galega de  
Baloncesto

Román Rodríguez González

Julio César Bernárdez Álvarez

